



CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA Á ASOC. SAN PAIO 2026

Na Estrada a 6 de xullo de dous mil vinte e seis.

REÚNENSE

Dunha parte, a Alcaldesa Acctal. do Excmo. Concello da Estrada, Dna. Amalia Goldar Cora, con DNI nº***7201**, en representación deste, con facultades suficientes para este acto;

Doutra parte, o presidente da Asoc. San Paio 2026, con CIF G26894022, D. Iván Lorenzo Rodríguez (DNI***7358**)

EXPOÑEN

Que o Concello da Estrada e a Asoc. San Paio 2026, co obxecto da celebración das festas patronais do ano 2026, estiman oportuno fixar unha serie de obxectivos comúns.

Que a cooperación entre o Concello da Estrada e a Asoc. San Paio 2026 para o cumprimento dos obxectivos comúns derivados da celebración das festas patronais, require, para garantir a súa eficacia, o establecemento de instrumentos formais, caso do presente convenio.

Por iso, e coa capacidade legal de cada unha das partes recollida na normativa vixente;

OUTORGAN

O presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes





CLÁUSULAS:

PRIMEIRA:

O obxecto deste convenio é formalizar e articular a colaboración entre o Concello da Estrada, e a Asoc. San Paio 2026, para a celebración das festas patronais do Concello da Estrada do ano 2026.

SEGUNDA:

As actuacións a desenvolver por parte da Asoc. San Paio 2026 consisten na realización das festas patronais do Concello da Estrada do ano 2026 a celebrar entre o 24 e o 28 de xuño.

TERCEIRA:

A Asoc. San Paio 2026 quedará obrigada a colaborar co Concello naquelas actividades de carácter festivo que organice cando lle sexa requirido e farán a súa publicidade e patrocinio do Concello da Estrada.

CUARTA:

O Concello da Estrada realizará unha achega económica de 60.000,00 € a través da subvención nominativa á Asoc. San Paio 2026 incluída no Orzamento Municipal do exercicio de 2026, na aplicación 330.489.02 para o cumprimento dos fins deste convenio.

Esta subvención concederáse co carácter prepagable e será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



QUINTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A Asoc. San Paio 2026 queda suxeita á obriga de xustificar a subvención nos termos e condicións establecidos no apartado IX da base 55ª de execución orzamentaria. Coas consecuencias, para o caso de que non o fixera previstas nos parágrafos X e seguintes.

O pagamento da subvención que se instrumentaliza a través do presente Convenio terá carácter de prepagable e efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, e terá lugar antes do 31 de decembro de 2026 e tras a presentación do compromiso de xustificar no prazo máximo de 3 meses desde que se efectúe o pagamento.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse en todo caso, no prazo de 3 meses desde que se perciba a subvención a seguinte documentación:

- Memoria descritiva e cuantificada das actividades desenvolvidas, segundo o modelo oficial, na que se relacionarán as facturas correspondentes aos gastos realizados e a procedencia dos ingresos obtidos.
- Declaración xurada de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.
- Declaración da non percepción (ou percepción, se é o caso, e detallando importes), doutras subvencións ou axudas públicas para a realización das actividades subvencionadas.
- Facturas orixinais do gasto realizado, ou fotocopias debidamente cotexadas, xunto aos comprobantes bancarios das transferencias respectivas.





SEXTA:

Os asinantes deste convenio comprométense a cumprir con todo o estipulado nel e a resolver as posibles discrepancias no seo dunha comisión de seguimento (de composición paritaria) que se constituiría a demanda de calquera das partes.

SÉTIMA:

O presente convenio terá vixencia durante o ano 2026.

Así conveñen e outorgan e tras a correspondente lectura, en proba de conformidade, asinan os representantes das partes, en duplicado exemplar e a un único efecto, o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A ALCALDESA ACCTAL.
Amalia Goldar Cora

O PRESIDENTE DA ASOC. SAN PAIO 2026
Iván Lorenzo Rodríguez

